




# Foto Fabiola 2024

certame fotográfico




XUNTA  
DE GALICIA


COLEXIO EDUCACIÓN  
INFANTIL E PRIMARIA  
RAÍÑA FABIOLA



ANPA SARELA



CONCELLO DE  
SANTIAGO



# Foto Fabiola 2024

certame fotográfico

Este ano estamos de aniversario e con este motivo ou con esta escusa convocamos o certame fotográfico **Foto Fabiola 2024**

Hai xa 30 anos que o colexio deseñado polo arquitecto italiano Giorgio Grassi, comezase a súa andaina. A súa esencia arquitectónica e o seu contorno marcaron desde os seus inicios a súa historia.

O edificio e os seus recunchos, retratados coas vosas miradas, serán, xa que logo, o tema deste certame que terá a súa correspondente exposición no outono deste mesmo ano.

## **OBXECTIVO**

Certame fotográfico escolar que, con motivo do aniversario da obra de Giorgio Grassi, permita recoñecer, valorar e difundir a importancia arquitectónica do CEIP Raíña Fabiola e xerar conciencia sobre o patrimonio e orgullo de pertenza á comunidade.




XUNTA  
DE GALICIA

COLEXIO EDUCACIÓN  
INFANTIL E PRIMARIA  
RAÍÑA FABIOLA



ANPA SARELA



CONCELLO DE  
SANTIAGO





## BASES:

1ª PARTICIPANTES: Poderán participar no certame o alumnado e os seus familiares, antigos/as alumnos/as, profesorado, colaboradores e empregados/as do CEIP Raíña Fabiola.

2ª TEMÁTICA: O tema principal será “O CEIP Raíña Fabiola”. Cada participante buscará plasmar nas fotografías presentadas a súa mirada persoal á arquitectura do nosos colexio e a súa contorna.

3ª OBRAS: Cada participante poderá presentar un máximo de tres obras.

As fotografías poden ser tomadas mediante cámara fotográfica ou calquera dispositivo móbil.

Hai dúas categorías:

· CLIC para fotógrafos/as ata 12 anos

· CLAC para fotógrafos/as maiores de 12 anos

4ª PRESENTACIÓN: As obras deberán ir montadas sobre cartón pluma, paspartú ou cartolina branca de tamaño A4 e no dorso deberá figurar o título da obra.

Ademais deberán anexar en soporte informático en formato JPEG ou TIFF, a unha resolución de 300ppp, as obras presentadas, sendo o nome do arquivo o mesmo que o título da obra.

5ª LUGAR E PRAZO DE ENTREGA: As obras serán entregadas en man ás respectivas titoras e titores ou na conserxería do centro a partir do 16 de setembro. O prazo límite para a entrega será o luns 14 de outubro de 2024.

6ª IDENTIFICACIÓN: Cada traballo presentarse nun sobre pechado que incluíra as fotografías xunto cunha nota que conterá o nome, a dirección, o teléfono e, de ser o caso, curso do autor ou autora. É obrigatorio facer constar no exterior dos sobres o título da obra e nome do autor ou autora.

7ª DEREITOS: O/a autor/a responsabilízase totalmente de que non existan dereitos a terceiros, así como de toda reclamación por dereitos de imaxe sobre as obras presentadas ao certame.

8ª LICENZA DE USO DAS OBRAS: Polo só feito de participar no presente concurso, os participantes autorizan de maneira irrevogable e gratuíta o uso das obras para difusión do concurso e exhibición pública delas, sen fins de lucro.


A Organización comprométese a utilizar as fotografías do concurso exclusivamente para fins de difusión e educación, indicando sempre a autoría das obras.

9ª PREMIOS: Todos/as os/as participantes recibirán un boleto para a tómbola fotográfica que se realizará durante a exposición *Foto Fabiola 2024*

O xurado estará formado por membros da comunidade educativa e colaboradores. Encargarase da selección de obras para a exposición *Foto Fabiola 2024* e elixirá as imaxes gañadoras de cada unha das categorías, CLIC · CLAC. Os premiados recibirán un pequeno agasallo en recordo da súa participación no certame.

10ª FINAL: A participación implica a aceptación destas bases. Calquera corrección e/ou modificación das mesmas será publicada na web do CEIP Raíña Fabiola.

[<https://www.edu.xunta.gal/centros/ceiprainhafabiola/>]



# Foto Fabiola 2024

certame fotográfico

O arquitecto italiano Giorgio Grassi foi o encargado de deseñar o novo colexio Raiña Fabiola hai xa 30 anos. Construído nunha horta-xardin, nunha beira da cidade histórica, o severo edificio amosa na súa simetría e regularidade os valores de intemporalidade que lle permiten aparecer no centro do terreo como un volume sólido, sereno, sen formas sorprendentes. Como se sempre estivese ali.

O edificio escolar está no centro do terreo, nun claro relativamente amplo (para non sacrificar árbores importantes) e unido á rúa Entregaleras mediante un pórtico rectilíneo que o atravesa transversalmente de Leste a Oeste e que constitúe un dos eixos de simetría sobre o que está construída a figura arquitectónica do edificio.

Un dos principais elementos inspiradores deste edificio é o volume de unha antiga vila suburbana, próxima ao edificio, á beira do río Sarela. A capacidade das súas formas para dialogar coa paisaxe circundante evocaron a característica silueta das catro torres do colexio.



*Giorgio Grassi* (Milán, 1935) é un dos máis relevantes arquitectos italianos modernos. Formou parte da Escola Racionalista Italiana, movemento coñecido como *A Tendenza*.

O noso colexio é a única obra que levou a cabo na Galiza. A súa idea de que os principios da arquitectura son únicos e inmutables reflectese en toda a súa obra e, claro está, tamén no seu conceptual proxecto para un colexio público compostelán como é o noso Raiña Fabiola.




XUNTA  
DE GALICIA

COLEXIO EDUCACIÓN  
INFANTIL E PRIMARIA  
RAÍÑA FABIOLA



ANPA SARELA



CONCELLO DE  
SANTIAGO